



## MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E AS OFICINAS LIQUIDADORAS DE DISTRITO HIPOTECARIO DA PROVINCIA DE A CORUÑA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Sra. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que a Axencia Tributaria de Galicia e as Oficinas Liquidadoras do Distrito Hipotecario de A Coruña teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro do 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (en adiante, OLDH) cuxo ámbito territorial se atope na provincia de A Coruña coa finalidade de facilitar ás oficinas as tarefas de aplicación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, ao mesmo tempo que se mellora a eficiencia na prestación dos servizos encomendados ás mesmas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a vixencia da prórroga do Convenio subscrito entre a Axencia Tributaria de Galicia e as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario o 28 de decembro de 2018 finaliza o 31 de decembro de 2019.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo que se pretende.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado dixitalmente ao marxe

